




ALA LÁ

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA



nº 7 xuño 2015



*Inicio da sección bilingüe no
curso 14/15*

E.D.L.G.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA
DO CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA

Uxía Vilar Pazos
Abraham Cupeiro López
Margarita Viso Soto
Abel R. Sánchez Sánchez
Nereida Rodríguez
Fernández

Deseño e Maquetación:
Uxía Vilar Pazos

Edita:
Conservatorio Profesional de
Música da Coruña

Imprime:
Gráficas Orzán, S.L.

Depósito legal: C-2876-2010
I.S.S.N.: 2172-0940

SUMARIO

- 2 Saúdo do director *Jesús López Prado*
- 3 Bartolomeu Cristofori *Ana Paula Borges Díez*
- 5 Orquesta Joven Sinfónica de Galicia *Mercedes Resch Pérez*
- 6 1 kilo de música *Javier López Sánchez*
- 8 Francisco Tárrega *Alejandro Sanz Fonta*
- 10 O timbre *Óscar Martos Dourado*
- 12 Entrevista con Dima Slobodeniouk, director da O.S.G.
Cristina Martínez López
Nuria Díaz Mera
M^a Juncal Diago Ortega
- 27 Flamenco *Gemma Román González*
- 32 A torre dos sons *Arantxa Vera Beltrán*
- 34 “O Entroido dos Pianistas” Audición Zoolóxico Musical
Nuria Díaz Mera
- 45 O recuncho da creatividade
- 47 Recomendacións para o verán *Alumnado de 2ºGP*



SAÚDO DO DIRECTOR

A revista *A la lá* segue sendo un foro onde todos os membros da nosa Comunidade Educativa poden participar.

En primeiro lugar, quero facer referencia a diversas actividades complementarias e extraescolares feitas polo noso Conservatorio que fan del un referente musical na nosa comunidade:

As semanas musicais, os intercambios con outros centros tanto da nosa comunidade como do extranxeiro, as actuacións de distintos departamentos en colexios da nosa cidade, os encontros de música de cámara, a organización de distintos cursos de interpretación impartidos por prestixiosos músicos, os recitais de fin de Grao Profesional, o concurso de solistas que segue tendo unha gran acollida por parte do alumnado, os actos que conmemoraron o día das Letras Galegas, a semana solidaria polo Banco de Alimentos “Rías Altas” na que participaron todas as agrupacións do Centro, a participación no IV festival “Arte pola igualdade” organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Xefatura Territorial de Educación celebrado o 6 de maio no Teatro Colón, no que colaborou o alumnado do C.E.E. María Maríño, foi tamén un acontecemento importante, onde ademais participou alumnado de necesidades educativas especiais

matriculado no noso Centro, o coro e a Banda Sinfónica. Neste curso organizouse tamén o pasado 10 de maio, dentro da semana de conmemoración das Letras Galegas, o II festival de bandas no que participaron as tres agrupacións do conservatorio. Dito acto tivo lugar nos xardíns do centro e contou con unha grande afluencia de público.

En segundo lugar, quero salientar o gran traballo que ven desenvolvendo o Claustro de Profesores, e a súa implicación en todas as actividades organizadas.

En terceiro lugar, quero dar as grazas a todos os membros da comunidade educativa que dalgunha maneira colaborastes nos proxectos realizados neste curso, e participastes na elaboración desta sétima edición da revista *A LA LÁ*, e en especial aos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, a ANPA Mifasol, a todos os directores das agrupacións, á nosa coordinadora de Grao Elemental e aos demais membros do Equipo Directivo.

Jesús López Prado



BARTOLOMEU CRISTOFORI

Ana Paula Borges Díez, alumna de 2ºGP de piano

Conmemorando este ano o 360 aniversario do nacemento de Bartolomeo di Francesco Cristofori, resulta case imprescindible facer unha reseña ao que foi a súa vida e a súa obra, así como da importancia que tivo para a historia da música.

Bartolomeo Cristofori naceu en Padua o 4 de Maio do 1655, e aínda que non existen moitos datos acerca de como transcorreu a súa infancia, o que si foi moitas veces referido, é que traballou como axudante do Luthier Nicolo Amati, da Escola de Cremona, aínda que isto foi rebatido logo dos anos, xa que no censo aparece coa idade de 13 anos, cando segundo o seu expediente bautismal, nese momento tería arredor de 25 anos.

No 1688 comenza a traballar ao servizo do príncipe Fernando di Medici, como cimbalista e como coidador da gran colección de instrumentos que este posuía. Tense a crenza de que ao mesmo tempo, Cristofori dispoñía xa do seu propio taller, no que incluso contaría coa axuda de dous asistentes, un dos cales podería ser Giovanni Ferrini.

Durante os últimos anos do século XVII inventou instrumentos de teclado como o "spinettone" (ou espineta), que era unha especie de clavicordio coas cordas inclinadas, coa finalidade de aforrar espacio, e que contaba con dous grupos de cordas. Este instrumento resultou de grand utilidade para as representacións teatrais polo seu alto volume sonoro.

Outro dos seus instrumentos coñecidos sería logo o "spinettone ovale" (espinetón oval), instrumento virxinal coas cordas máis longas e a metade da caixa.

Ademais destas dúas importantes achegas, Cristofori será tamén recordado como o inventor do piano, e as primeiras mencións sobre este instrumento datan de comezos do século XVIII.

O antigo clavicordio presentaba para os intérpretes e compositores algunhas dificultades, como que non permitía controlar a intensidade dinámica da música que con el se executaba, e polo tanto, dificultaba tocar sons fortes e piano. Ademais resultaba difícil, por exemplo, repetir un mesmo son, xa que o seu mecanismo non permitía un rebote rápido e axeitado dunha tecla, logo de pulsada.

É de supoñer que esta e outras limitacións do clavicordio preocupaban seriamente a Cristofori, ata o punto de levalo a investigar e estudar, sempre na



busca de atopar algunha maneira de poder mellorar as posibilidades deste instrumento.

Na súa construción empregou pezas de madeira de ébano, así como veludo para os amortiguadores, e uns martelos que servían para golpear as cordas, e que eran de madeira, pero recubertos de coiro coa finalidade de producir un son menos metálico que aquel que se escoitaba no clavicordio.

De entre todas as aportacións que a historia da música, e máis concretamente a historia do piano, debe a Cristofori, é preciso subliñar por tanto aquelas que permitiron controlar a dinámica de cada son que se tocaba, grazas en parte a que o novo sistema permitía un control na forza coa que o executante pulsaba a tecla.

Tamén destacaremos que ao fin se atopou a forma de conseguir que o “macillo”, unha vez golpeada a corda, non permanecese en contacto con ela, a fin de evitar que o son quedara amortiguado.

Pola contra, o instrumento de Cristofori presentaba aínda algunhas limitacións, como a debilidade acústica, que limitaba este instrumento a un uso en pequenos salóns, e fundamentalmente a

interpretacións individuais, xa que non posuía un volume sonoro axeitado para execucións en grandes salas, ou nas que puidese estar acompañado da orquestra.

Todo parece indicar que naquel momento Cristofori referíase a este instrumento co nome de "arpicembalo", aínda que aproximadamente entre o 1709 - 1710 fíxoselle unha entrevista na que el deu en chamar ao seu instrumento "cimbalo col piano e forte", término que co paso dos anos deu en chamarse piano-forte, e que chegará ata nos xa abreviado como "piano"

As primeiras composicións que se escriben para este instrumento foron as 12 sonatas de Giustini no ano 1732.

Na actualidade descoñecemos cantos foron os "cimbalo col piano e forte" que Cristofori puido construír, aínda que de todos eles só quedan tres: o primeiro, do 1720, consérvase no Metropolitan Museum de Nueva York; outro, de 1722, se atopa no Museo Nazionale degli Strumenti Musicali en Roma; e o último, de 1726, atópase custodiado no Musikinstrumenten Museum da Universidade de Leipzig.



ORQUESTA JOVEN SINFÓNICA DE GALICIA

Mencía Resch Pérez, alumna de 2ºGP de frauta

A OJSG foi fundada en 1994 co fin de axudar a completar os estudos de varios instrumentistas. Colaboraron con ela maestros como Alberto Zedda, Víctor Pablo Pérez, James Judd... Participa en concertos sinfónicos en varias partes de España. Tamén é habitual que acompañen a solistas en concertos por Galiza, músicos que anteriormente presentáronse e gañaron este premio.

Os prazos de inscricións rematan sobre principios de outubro e as respectivas audicións son semanas despois no Palacio da Ópera. Ao presentarse as probas o Tribunal Cualificador comeza por facer unha selección dos estudantes; éstos teñen que cumprir unha serie de requisitos como estar estudando nun conservatorio, nunha escola de música ou ter un límite de idade. Todos os que desexen presentarse deben facer unha inscrición onde o Tribunal Cualificador é o que decide. Cada estudante deberá pasar un procedemento de selección no que o Tribunal tamén ten en conta os méritos gañados durante a súa carreira musical. A proba consta de dúas partes, na primeira interpretaranse dous tempos dunha obra elixida polo instrumentista e,

posteriormente, o alumno fará unha lectura de fragmentos do repertorio orquestral. Para finalizar levaranse a cabo as probas e a proposta dos seleccionados. Todo aquel que acade unha praza na Orquestra deberá asistir obrigatoriamente a todos os ensaios e encontros que se propoñan. Cada instrumentista conta con doce clases impartidas por profesionais ao longo do curso, e o aproveitamento destas clases decidirá se seguen ou non para o ano na Orquestra. Tamén contan con alumnado reserva, os cales poderán ser convocados para calquera encontro no que o director estime preciso chamalos. Para cada saída fóra do municipio todos contan cunhas axudas de aloxamento as cales cobren a hospedaxe e a manutención. O nivel que amosen nos ensaios e concertos poderá axudar ao alumnado a participar na OSG.

Está claro que entrar na OJSG é unha oportunidade que abre moitas portas para poder seguir cos estudos de música. Dáche unha visión da música da que non todos poden gozar e pode axudarche a entrar noutro tipo de orquestras ao desenvolver o noso potencial.



1 KILO DE MÚSICA

Javier López Sánchez, profesor de trompeta e director da Banda Infantil

O pasado mes de decembro, o noso conservatorio, ao igual que fixo en anos anteriores, organizou unha nova semana solidaria baixo o título “1 Kilo de música” en beneficio do Banco de Alimentos “Rías Altas” da Coruña.

Nesta ocasión optouse por colaborar cunha entidade que axuda a persoas da nosa contorna, persoas que quizais non vemos a diario pero que sen dúbida están a pasalo mal nestes momento de crise. A todos, profesorado e alumnado, sorprendéronnos as cifras cos responsables do banco de alimentos nos deron nas charlas ofrecidas a todas as agrupacións participantes.

Como nas anteriores edicións solidarias, nesta semana colaboraron todas as agrupacións do centro: Grupo de Percusión “Atacca”, Banda Infantil, Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Orquestra Infantil, Orquestra Xuvenil e Orquestra Sinfónica, así como o Departamento de Piano,

que organizou un concerto para axudar á causa.

A recadación rondou os 1.300 kilos, unha aportación importante, sen dúbida, a solidariedade das familias estivo á altura do compromiso de seus fillos, unha resposta da que podemos e debemos sentirmos moi orgullosos.



Como non podía ser doutra maneira, desde o Banco de Alimentos “Rías Altas”, fixeron chegar o seu agradecemento por dita colaboración, gratitude que debemos repartir entre todos, equipo directivo, profesorado,



alumnado e familias, así como coa ANPA “MiFaSol” do Conservatorio.

O obxectivo principal destes actos, por suposto, é axudar a persoas que o necesitan de verdade, pero tamén é moi útil na educación do noso alumnado: eles sinten que son capaces de axudar e colaborar con algo tan sinxelo e pracenteiro como é facer música,

desenvolvendo así unha conciencia solidaria e un compromiso coa súa contorna máis cercana.

Sen dúbida esta “Semana Solidaria” volverá ter unha nova edición no seguinte curso, e todos volveremos a estar aí para aportar o noso granciño de area con quen o necesite, facendo o que sabemos e o que nos gusta: Música.





FRANCISCO TÁRREGA

Alejandro Sanz Fonta, alumno de 2ºGP de guitarra

Francisco Tárrega foi un recoñecido músico e guitarrista español que reivindicou a guitarra como instrumento de concerto.

Naceu en Villareal (Castellón) o 21 de novembro de 1852, onde pasou a súa infancia ata que un accidente lle causou un gran dano na vista. Con temor a quedar cego, seu pai decidiu trasladalo a Castellón para que puidera recibir clases de música e se puidera gañar a vida como músico.

Aos 10 anos foi enviado a Barcelona a recibir clases do guitarrista Julián Arcas. Tivo que vivir cunha familia de Borriol, coa que non tiña boa relación, así que escapou da súa custodia, comezando unha vida errante tocando en cafés e tabernas, aínda que recibía moi pouco diñeiro.

En 1866 volveu a Valencia, onde coñeceu ao conde Pacent. Pero o conde morre pronto e Tárrega recibe un posto de pianista no Casino de Burriana, o que lle serviu para escapar da miseria.

En 1874 concédeselle a matrícula gratuíta no Conservatorio de Madrid para estudar piano e harmonía, pero o director do conservatorio anímalo a que se dedique exclusivamente á guitarra despois do seu éxito nun concerto benéfico no teatro Alhambra.

En 1880 dá un concerto en Novelda, Alicante, onde coñece a María Rizo, filla do por aquel entón rico Vicente Rizo, á que abraia a súa obra.

Tras unha exitosa xira por Londres e Francia, contraeron matrimonio en 1881. En 1884 instaláronse en Barcelona, o que lle ofrece maiores oportunidades sen necesidade de facer xiras, xa que era cada vez máis solicitado.

En Valencia coñece a Concha Martínez, rica viúva que toma a protección artística do músico, prestándolle unha torre en Gervasi, Barcelona.

Alí é onde Tárrega compuxo a maioría das súas obras, pero a señora namorouse do músico sen ser correspondida e botóunos a el e a súa muller da casa.

Aos 50 anos, Tárrega decide cortar as unllas ata case facelas desaparecer, conseguindo así un son suave, claro e preciso. Continuou cos seus concertos ata que en 1907, como consecuencia dun ataque de hemiplexia, a parte dereita do seu corpo paralizouse, e a súa economía



foi de mal en peor, necesitando axuda de seu irmán Vicente.

En 1909 sofre unha grande melloría na súa enfermidade e volve aos concertos.

En 1908 volve a Castellón. De aí desprázase a Novelda, volvendo a Valencia, Cullera e Alcoy para dar algúns concertos: En Picanya compón as súas últimas obras: “Endecha” e “Oremus”.

O 3 de decembro séntese moi mal e volve a Barcelona, morrendo o día 15 de decembro de 1909 ao mencer.

Durante a súa vida, Tárrega compuxo numerosas obras que todavía hoxe son interpretadas por grandes músicos e alumnos.

Bibliografía:

<http://www.slideshare.net/Aavmvazquez/francisco-tarrega-biografia-y-musica>



O TIMBRE

Óscar Martos Dourado, alumno de 2ºGP de guitarra

Desde pequenos sempre nos falaram do son e das súas calidades.

Sabemos que son catro:

. **Altura:** refírese aos agudos e aos graves.

. **Duración:** fala da extensión do son, desde que se produce ata que se extingue.

. **Intensidade:** fai referencia a se un son é forte ou débil.

. **Timbre:** permítenos diferenciar os instrumentos cos tres factores en igualdade de condicións.

Pero eu preguntome, e como funciona iso? Empecemos polo comezo.

Se imos falar de música, hai que falar de son; e se imos falar do son, hai que falar de ondas. As ondas sonoras son ondas mecánicas, ou o que é o mesmo, necesitan un medio para transmitirse, como é o aire ou a auga. As ondas sonoras, como calquera outras, teñen distintas calidades como:

. **Amplitude:** é a "altura" das ondas. Determina a intensidade do son.

. **Frecuencia:** é a cantidade de ciclos por segundo. Determina a altura.

. **Duración:** é a extensión da onda. Determina o tempo que dura.

. **Tipo de movemento vibratorio:** aquí entra o timbre en todo isto.

O son, xeralmente, é dun movemento vibratorio complexo, isto é, que hai máis notas acompañándoo. Estas notas chámanse **harmónicos**, e a intensidade deles determina o timbre.

Na natureza non se poden atopar movementos vibratorios simples ou sen harmónicos. Por exemplo, na frauta, os harmónicos son moi débiles, mentras que na trompeta son moito máis fortes. Por iso a frauta ten un son moito máis suave que a trompeta. Os harmónicos varían según os materiais de construción do instrumento, segundo a súa forma e tamén segundo a forma de execución do son polo intérprete. É máis, incluso a propia capa de barniz que levan algúns instrumentos, como as guitarras, é significativa e pode alterar o son que desexaba o fabricante, chegando incluso a estropear un instrumento seriamente, (por iso os instrumentos máis caros e



artesáns adoitan levar un barniz extrafino e acostuman ser tan delicados).

Barnizado dunha guitarra a boneca, o proceso menos agresivo para o timbre

Ademais de todo o exposto anteriormente, o timbre está condicionado tamén por outros factores, que son:

. **Ataque** (*attack*): o tempo que lle leva á onda acadar o punto máximo da súa amplitude.

. **Caída** (*decay*): o tempo que lle leva á onda pasar do punto máximo de amplitude ata un estado de enerxía estacionario.

. **Sostemento** (*sustain*): o tempo que a amplitude da onda sonora permanece estática.

. **Liberación** (*release*): o tempo que lle leva á onda pasar do final do seu período estacionario ata o punto da súa extinción. O exemplo clásico de liberación corresponde ao momento en que se levanta o dedo da tecla dun piano e o son se disipa rapidamente.

Como conclusión, dicir que o timbre depende de múltiples factores, e por tanto deberemos deixar de considerarlo "iso que non é nin intensidade, nin duración nin amplitude", senón algo moito máis complexo e interesante.



ENTREVISTA CON DIMA SLOBODENIOUK, DIRECTOR DA OSG

INTERVIEW WITH DIMA SLOBODENIOUK,
OSG CONDUCTOR

English Bilingual Teachers: Gloria Cristina
Martínez López, Nuria Díaz Mera e M^a
Juncal Diago Ortega

On May 20th, a group of students from the bilingual section of the Conservatorio Profesional de Música de A Coruña, made an interview wholly in English to the Orquesta Sinfónica de Galicia conductor, Dima Slobodeniouk.

We would like to thank the support received by Andrés Lacasa, the manager of the Orquesta Sinfónica de Galicia during all the process and, of course, we would also like to transmit a special thank to Dima Slovodeniouk for having received us so kindly.

The questions asked by our students have been transcribed below, as it follows:

O pasado 20 de Maio un grupo de estudantes da sección bilingüe do Conservatorio Profesional de Música da Coruña entrevistaron en Inglés ao director da Orquesta Sinfónica de Galicia, Dima Slobodeniouk.

Gustaríanos darlle as grazas a Andrés Lacasa, xerente da Orquesta Sinfónica de Galicia, polo apoio que nos brindou ao

longo de todo o proceso e, por suposto, tamén queremos dar as grazas especialmente a Dima Slobodeniouk, por ternos recibido tan amablemente.

As preguntas realizadas polos nosos estudantes escríbense de seguido:

Celia Caridad Vázquez, piano 2º G.E.

Do you have a particular gesture of conducting?

Ten vostede algún xesto particular ao dirixir?

No, not really. I have never practiced movements, never. Only very very seldom, when it's very difficult, something really difficult. But not, it comes natural. It's something of the body like walking or dancing. Some conductors practice in front of the mirror to see. I don't do that.

Non, non realmente. Eu nunca practico os movementos, nunca. Só moi raramente cando é moi difícil. Pero non, é algo que vén de xeito natural. Trátase de algo corporal como andar ou bailar. Algúns directores de orquesta practican diante dun espello, xa sabes, para verse. Eu non o fago.

How many years are necessary to become a conductor?

Cantos anos fan falta para ser director de orquesta?

About sixty to seventy years, aprox.
60 ou 70 anos aproximadamente.



África Sánchez Gayoso, piano 2º G.E.

You are a violinist. How does it help you conduct the orchestra?

Vostede é violinista. Como axuda este feito a dirixir a orquestra?

It helps me conduct the orchestra because I know how it feels to play a string instrument. I know how it feels to play and to produce sound. I have never played a wood-wind instrument. I played a little trumpet so I know how to produce sound with your mouth but when the musician makes a movement, he or she should feel like you are with him, that you are encouraging him or her. I think that for a person who only played piano it should be sometimes very hard to conduct an orchestra.

Axúdame a dirixir a orquestra porque sei o que se sente tocando un instrumento de corda. Sei como se toca e se produce o son. Nunca toquei un instrumento de vento madeira. Eu toquei unha trompeta pequena, así que sei como producir o son coa boca. Cando o músico da orquestra fai un movemento, debe sentir que estás con el, que o animas (acompañas o seu xesto). Creo que para unha persoa que soamente toca o piano pode ser ás veces moi difícil dirixir unha orquestra.

Do you memorize all the scores of the orchestra?

Vostede memoriza todas as partituras que toca a orquestra?

I have never memorized scores, sometimes I just learn them. Well, because I can conduct the orchestra in the concert without scoring or not looking at the score but I have never had this step removed, make conductors do this by heart. I think it's completely fine but also I feel that should be one person who has the whole map. The score is like a map, so you can actually help. Sometimes the orchestra needs help.

Nunca memoricei as partituras, ás veces só as aprendo, porque podo dirixir a orquestra no concerto sen partitura ou sen mirar a partitura pero nunca dei o paso de memorizala, hai directores que se obrigan a facelo. Penso que iso está ben pero tamén creo que debería haber unha persoa que teña o esquema completo. A partitura é como un mapa, deste xeito pódese realmente axudar. Ás veces a orquestra necesita axuda.

Pilar Etcheverría Couto, piano 2º G.E.

Which are the criteria followed by you when selecting the music programme for the orchestra?

Que criterios segue para seleccionar o programa que vai tocar a orquestra?

What was the criteria when I was studying? (He doubts)

Cales foron os criterios cando tiña que estudar, cando estaba estudando? (Dubida)



The criteria was... We had two days of exams, first we had to write a dictation, so there were clarinet, viola and chello playing trio and we had to write a dictation in three different keys so that was kind of tricky. Then, a little interview with the professor and that's for the theoretical part, and then conducting. Two rounds of conducting, that's actually quite simple but quite many people participate in so big competition.

Tiñamos dous días de exames, primeiro tiñamos que escribir un ditado en tres claves diferentes, de modo que había un clarinete, una viola e un cello tocando en trío. Isto era un pouco complicado. Despois tiñamos unha pequena entrevista

co profesor. Ata aquí a parte teórica. A continuación había que dirixir, dúas quendas de dirección. Pode parecer bastante simple, pero participaba moita xente, polo que había moita competencia.

Ángela Martínez Loureiro, piano 3º G.E.

What does music mean to you?

Que significa a música para ti?

Music is life, is a way of living and it's also work and that's why sometimes it's good to be without music, so these three things they still coexist. Music is life, there is a concept process going on. You hear



something, you think. For example, very often when I come home, I don't want to listen to any music because I heard it so much during the day. I really like silence, it's very important. Music is life.

A música é vida, é un modo de vivir e tamén é traballo e por iso algunhas veces é bo estar sen música. Así estas tres cousas poden coexistir. A música é vida, hai un proceso conceptual cara adiante. Aquí hai algo sobre o que meditar. Por exemplo, moi a miúdo cando chego a casa non quero escoitar música ningunha porque a escoito demasiado durante todo o día. Realmente gústame o silencio, é moi importante. A música é vida.

To what extent formal music education is necessary to be an excellent conductor?

Que educación regrada é necesaria para ser un excelente director?

Well, the more the better basically. You have to play an instrument for quite a long time -it's hard to say in years- but the more you know an instrument the easier to become a conductor, because there is no really limit. The later the better conductor and when you start earlier it's also possible. People learn when they are young. They learn faster but then there are the problems in conducting because you usually work with people older than you. You have to convince them and it can get sometimes tricky. As you grow and

pick up more experience many things come more naturally, you can speak the same language as the musicians. In studies I had a big interest in scores, just reading scores and investigating, because that is the essence: know the score, know music and reading.

Ben, canto máis mellor, basicamente. Hai que tocar un instrumento durante moito tempo - é difícil dicir durante cantos anos - pero canto máis coñeces un instrumento máis fácil é converterse nun director porque non hai realmente límites. Canto máis tarde empeces mellor director podes chegar a ser. Cando comezas temperán é tamén posible. A xente aprende máis axiña cando é nova, pero teñen problemas na dirección xa que normalmente se traballa con xente maior. Tes que convencelos, o que pode resultar difícil ás veces. Cando creces e vas acadando experiencia van aparecendo máis cousas de forma natural e podes falar a mesma linguaxe dos músicos. Sobre os estudos, estou interesado nas partituras, ler partituras e investigalas, porque coido que esa é a esencia: coñecer a partitura, coñecer a música e lela.

Lucía Campo Sierra, clarinet 1º G.E.

Who is your favourite composer?

Quen é o seu compositor favorito?



This is a difficult one. Even if I choose this week one of these three composers we are playing, I cannot say which is my favourite. I do not have a favourite composer. There are many composers I like. Some of them: Mozart, Haydn, Bach, Brahms, Schubert, Schumann, Tchaikovsky, Mahler, Strauss, Stravinsky, Prokofiev, Shostakovich. Prokofiev is a special one I like, but there are others.

Esta é unha pregunta difícil. Se eu tivera que elixir un destes tres compositores que estamos a interpretar esta semana, eu non podería decidir cal é o meu favorito. Non teño un compositor favorito. Hai moitos compositores que me gustan. Algúns deles: Mozart, Haydn, Bach, Brahms, Schubert, Schumann, Tchaikovsky, Mahler, Strauss, Stravinsky, Prokofiev, Shostakovich. Prokofiev é un que me gusta especialmente, pero hai outros.

What was the first symphony you conducted?

Cal foi a primeira sinfonía que dirixiú?

The first symphony I conducted was Beethoven nº 1, it was on the 1st of October 1999. I still remember that day. I don't usually remember any days, but that day I remember. It was a great experience. Really, it was my first real concert. Before I conducted one movement or something else; but the

whole symphony concert was in 99. That was my first symphony. A good experience, I remember it as a very good day.

A primeira sinfonía que dirixín foi a primeira Sinfonía de Beethoven. Foi o 1 de outubro de 1999. Aínda recordo ese día. Non acostumo recordar datas pasadas, porén ese día si que o recordo. Foi unha gran experiencia. De feito, foi o meu primeiro concerto real, antes dirixira un movemento ou algo máis; pero a sinfonía completa foi no 99. Esa foi a miña Primeira Sinfonía. Unha boa experiencia, recórdoo como un moi bo día.

Sofía Martínez Gómez, clarinet 1º G.E.

If you were not a musician, what would you be?

Se vostede non fose músico, que sería?

If I were not a musician I would be a pilot. That is as simple as it gets. I have a hobby: aviation, and I think it is hard to me to imagine that someday I would not be a musician, but if that happened I would probably be a pilot, or I would do something that has to do with aviation.

Se eu non fose músico sería piloto. Iso é tan sinxelo como parece. Teño unha afección: a aviación, e creo que é difícil para min imaxinar que algún día non fose músico, pero se iso acontecesse probablemente sería piloto, ou faría algo relacionado coa aviación.



Apart from music, what are your hobbies?

Á parte da música, cales son as súas afeccións?

Apart from music, I like riding a bicycle, swimming (not very serious: just moving around), photography and aviation.

Á parte da música, gústame montar en bicicleta, a natación (non moi seriamente: soamente para moverme), a fotografía e a aviación.

Patricia Muradás Trincado, clarinet 2º G.E.

Are you in charge of choosing the music program for the orchestra?

É vostede o encargado de escoller o programa de música para a orquesta?

Well, yes, so when something is wrong, it is my fault (he smiles). It is a group of people and I work with Andrés. (He refers to Andrés Lacasa who is the manager of Galician Symphony Orchestra). Where is Andrés? (Andrés who is present during this interview). We work very closely and it takes many months to put a programme together.

Ben, si, así que cando algo está mal, é o meu erro (sorri). É un grupo de persoas e eu traballo con Andrés. (Refírese a Andrés Lacasa, o xerente da Orquestra Sinfónica de Galicia) Onde está Andrés? (Andrés está presente nesta entrevista).

Traballamos moi estreitamente e leva moitos meses organizar un programa.

Have you ever had any doubts about being a musician?

Tivo vostede algunha vez algunha dúbida sobre ser músico?

Of course, many doubts: especially when I was playing the violin. Sometimes I was really desperate. I was a bit lazy when I was smaller. I think it is natural: everybody is a little bit lazy. So yeah, I do not think you can become a musician without doubts. Doubts are always there.

Por suposto, moitas dúbidas: especialmente cando estaba a tocar o violín. Ás veces estaba realmente desesperado. Eu era un pouco preguiceiro cando era máis pequeno. Creo que é natural: todo o mundo é un pouco preguiceiro. Eu non creo que ninguén se poida converter nun músico sen dúbidas. As dúbidas están sempre aí.

**Lilian Maedela Harriswangler
Harriswangler, clarinet 3º G.E.**

If you could have coffee with any composer, who would it be and why?

Se vostede puidese tomar café con algún compositor, cal sería e por que?

I would like to have a coffee with Schubert and Stravinsky. I am not sure if they drink coffee, but if they did it would



be interesting, and I am sure Mozart drank coffee and it would be a great experience to take coffee with Mozart, perhaps. Quite many, actually. Even without coffee, just to sit down. Look at him. It is really hard to pick up, it is like, if you ask me "What's my favourite composer?" it would be more difficult to answer, but coffee makes it very straight forward. I would say: Mozart, Stravinsky, Brahms and Beethoven, I mean...that is too much. And, you know, this week we play; the 1st piece in our programme is by Monteverdi: that would be an interesting coffee moment, with Claudio Monteverdi, and if you have the chance, you can watch us from youtube (some OSG concerts are broadcast live on youtube) . Is it a little bit too late for them? (referring to children). So 08:30 on Friday.Yeah.

Gustaríame tomar un café con Schubert e Stravinsky. Eu non estou seguro de se bebían café, pero se o fixeran sería interesante, e estou seguro de que Mozart bebeu café e sería unha gran experiencia tomar café con Mozart, quizais con bastantes, de feito. Mesmo sen café, só estar sentado. Míreo. É realmente difícil escoller, isto é como se vostede me pregunta cal é o meu compositor favorito o cal sería máis difícil contestar, pero o café faino máis doado. Eu diría: Mozart, Stravinsky, Brahms e Beethoven, é dicir... é demasiado. E, sabes, esta semana tocamos; a 1ª peza dentro do noso programa é de

Monteverdi: sería un interesante momento para tomar café, con Claudio Monteverdi. E se teñedes a oportunidade, podedes vernos en youtube (algúns concertos da OSG son retransmitidos en youtube). É un pouquiño tarde para eles? (referíndose aos nenos). Entón, ás 08:30 o venres. Si.

Do you come from a musical family? if so, what kind of musicians do you have in your family?

Vostede vén dunha familia musical? se é así, que clase de músicos ten na súa familia?



Yes. I come from a one hundred fifty per cent musical family. My mother is a pianist, my father was a viola player, my grandfather was a viola player. They set



on the same standing the same orchestra, my father and my grandfather. My grandmother was violinist, also an orchestra musician; her sister was a pianist, her sister's husband was a violin teacher and so...So, quite. Sometimes I wish there was someone else in the family, except musicians.

Si. Veño dunha familia cento cincuenta por cento musical. Miña nai é pianista, meu pai era violista, meu avó era violista. Tocaban na mesma orquestra e incluso compartiron o mesmo atril, meu pai e meu avó. Miña avoa era violinista, tamén músico de orquestra; súa irmá era pianista, seu cuñado era un profesor de violín... bastantes. Ás veces desexo que houbese alguén máis na familia que non fose músico.

Alba Pombo Fuertes, clarinet 4º G.E.

Music players practise with their musical instrument. How can a conductor do it when he/she is all alone?

Os instrumentistas practican co seu instrumento musical. Como o pode facer un director de orquestra cando el/ela está completamente só?

Well, that's a very good question. The only way a conductor can practice is when he or she has musicians in front of him, but the studying process, you know, by the time we walk on this podium 80 per cent of the work is already done, so the

biggest amount of hours spent at home reading, so that...studying. We had 2 times a week, 3 hours of orchestra time from the very beginning, so we pretty learned how. Tradition was the word. So we really learned how to work with musicians, and that is the key, I think. So, a conductor practices by conducting, actually, but you have to have it in your head, already.

Ben, esa é unha moi boa pregunta. A única maneira na que un director pode practicar é cando ten músicos diante del, pero o proceso de estudo, sabes, cando subimos ao podio o oitenta por cento do traballo xa se fixo, polo que a maioría do tempo emprégase na casa lendo... estudando. Tivemos dúas veces á semana, tres horas de orquestra dende o principio, polo que aprendimos como traballar. Tradición é a palabra. Así que aprendemos como traballar cos músicos, e esa é a clave, penso. En fin, o director aprende dirixindo, realmente, pero debes telo xa na cabeza.

In which auditorium would you like to conduct the Galician Symphony Orchestra, if you could choose?

En que auditorio lle gustaría dirixir a Orquestra Sinfónica de Galicia, se puidese elixir?

Let's see. A Berliner Philharmonie, Concertgebouw Amsterdam, Musikverein in Viena. You named it, but actually. Ferrol, great hall; tomorrow (A OSG will



play in Ferrol the day after this interview). Santiago de Compostela, very nice hall. So, and actually I mean, we have some acoustic programmes here, on stage, but this is a nice hall, too. I mean, there are so many much halls worse than this one, but there are certain things we could change here which would help us: we are not quite there, yet.

Vexamos. A Berliner Philharmonie, Concertgebouw Amsterdam, Musikverein in Viena. Pero tamén Ferrol ten un bo auditorio; mañá (a OSG tocará en Ferrol o día seguinte a esta entrevista). Santiago de Compostela, moi bo auditorio. E aquí temos algúns problemas acústicos no escenario, pero esta é unha boa sala tamén. Quero dicir que hai moitos que son peores que este, pero hai certas cousas que poderíamos cambiar e que axudarían: aínda non estamos nese punto.

Nuria Rojo Pombo, clarinet 4º G.E.

Was it hard to become a music conductor?

Foi difícil chegar a ser director de orquesta?

I am still on the way. It's a process, but I would say it is very challenging, but also rewarding. When you work with so many people at the same time it is very interesting, but to learn how to do this takes years and years. I would say I have

done it now for 15 years and, on the conductor's scale I'm picking up the beginning base.

So, I would say I feel much better than I felt 10 years ago: the first 5 years is a struggle, trying to understand how to end off the situation, learning pieces, because also the repertoire, the amount of pieces you have to know too more than (one) is able to. It is immense, never ending, so first 10 years is paid just for reading... So, yes: hard, but rewarding.

Aínda estou niso. É un proceso, eu diría que é un desafío, pero tamén gratificante. Cando traballas con tanta xente ao mesmo tempo é moi interesante, pero aprender como facelo leva anos e anos. Levo facéndoo quince anos e, na escala de directores, aínda son principiante.

Así que eu diría que me sinto moito mellor que hai dez anos: os primeiros cinco anos son unha loita, intentando entender como resolver a situación, aprendendo pezas, porque tamén o repertorio, a morea de pezas que debes saber e máis do que un é capaz de facer. É inmenso, interminable, co que os dez primeiros anos ti pásalos lendo... Así que, si: duro, pero gratificante.

Have you got any idol in music world as a conductor or music player?

Ten algún ídolo no mundo da música como director ou músico?



Yeah, quite many music players from many values, of course. I studied with a good teacher: she was one of the first students of David Oistrakh, one of the great Russian maestros and one of my idols and...really there were many, but it changes with years. Now in conducting... I would say that there are a few conductors who really inspired me. Nikolaus Harnoncourt is one, and... every musician has his or her strong kind of area, field. For example, if you take, Karajan or George Szell, they have a special sound they get from the orchestra by their way of making music, or conducting of even just standing there, and Leonard Bernstein is a very good example of that: he had a certain aura which just was there, in a natural way of being and all these things, when you pick them up and, then, you throw them into a bag, shake well and then, you make something on your own, but you can not really, you know, copy the base; you can not do that. So there are many musicians who inspired you and in many different ways.

Si, bastantes instrumentistas que me aportan distintos valores, por supuesto. Estudei cunha boa profesora: era unha das primeiras estudantes de David Oistrakh, un dos grandes maestros rusos e un dos meus ídolos e... realmente houbo moitos, pero cambia cos anos. Agora, dirixindo... diría que hai uns poucos directores que realmente me inspirasen. Nikolaus Harnoncourt é un, e... cada músico ten o seu punto forte.

Por exemplo, se tomas como exemplo a Karajan ou G. Szell, tiñan un son especial que obtiñan da orquestra pola súa forma de facer música, ou de dirixir ou, sinxelamente, de estaren aí. L. Bernstein é un moi bo exemplo diso: tiña certa aura que estaba aí, dunha forma natural. Todas esas cousas, cando as colles, as botas nunha bolsa e axítalas, fas algo teu, pero non podes, xa sabes, copiar a base; non podes facelo. Así que hai moitos músicos que te poden inspirar de moitas formas diferentes.

Luis Teijo Paz, clarinet 5º G.P.

Which is the hardest concert you have conducted?

Cal é o concerto máis difícil que dirixiu?

You know, It is really impossible to say. Every time I go on stage it feels like: "Oh, God, this is the most difficult thing I have ever done". No, I am just kidding. The hardest... because there are different difficulties in this profession. Sometimes it can very easy to conduct, technically, but maybe spiritually or psychologically, if you are very tired or something else is interfering and you are not really fresh, sometimes it can be a very heavy process. I would say it is pretty simple, technically to keep the thing together because that is why guys are playing musicians usually do. I have done an opera by Ligetti, called "Danse macabre" this spring in Germany, so I think that was one of the most



difficult things I have ever done, but there were others. This is really a combination of what you have to study by yourself, then, what you have to teach the orchestra to play, how to make it works, plus working with the singers, making sure that they do the right thing in between, you, and everybody who is in the theatre, putting all these things together. So that is, more or less, the challenge.

Sabes, é imposible de dicir. Cada vez que

subo ao escenario penso: “Ou, meu Deus, isto é o máis difícil que fixen xamais”. Non, estou a bromear. O máis duro... porque hai diferentes dificultades nesta profesión. Ás veces pode ser moi sinxelo dirixir, tecnicamente, máis espiritual ou psicoloxicamente, se estás esgotado ou algo está a interferir e non estás realmente despexado, as veces pode ser un proceso moi duro. Diría que é moi sinxelo, tecnicamente, mantelo todo xunto porque iso é o que fan os músicos a





cotío. Fixen unha Ópera de Ligetti chamada “Danse macabre” esta primavera en Alemania. Penso que foi das cousas máis difíciles que nunca fixen, pero houbo outras. É unha combinación do que tes que estudar por ti mesmo, máis logo, o que tes que ensinar a tocar á orchestra, como facelo funcionar, ademais de traballar cos cantantes, asegurarte de que fan o que deben, e logo está toda a xente que traballa no teatro. Xuntas todo iso e, mais ou menos, ese é o desafío.

We know you have studied in Russia and in Finland too. Which differences are there between both educational systems?

Sabemos que estudou en Rusia e en Finlandia tamén. Que diferenzas hai entre ambos os dous sistemas educativos?

I think I have mentioned that before: it is more strict in Russia and more free in Finland, and I think the mixture of these two is the best.

Creo que xa mencionei iso antes: é máis estricto en Rusia e máis libre en Finlandia, e creo que a mistura dos dous é o mellor.

Claudia Herron Mullet piano 2ºG.P.

Why did you decide to become a conductor instead of a violinist?

Por que decidiches convertirte en director en lugar de violinista?

Well, I've never actually decided but it took me this profession. I tried in 1994 to conduct for the first time. I was studying violin and long time after that also. So, I just felt like a very good thing and natural. I wanted to try more and more and then, I went to Sibelius Academy to study there. After that, there was no return, but I still finished my studies as a violinist as well. So until 2001 I did both and then I was just lucky to get job.

Realmente nunca o decidín, máis ben esta profesión escolleume ela a min. Probei a dirixir por primeira vez en 1994. Sentíame moi ben e a gusto. Estaba a estudar violín e seguí facéndoo. Quería probar máis e máis e entón fun a estudar á Academia Sibelius. Despois diso xa non houbo volta atrás pero aínda así rematei os meus estudos de violín. Ata 2001 fixen os dous e logo tiven a sorte de atopar traballo.

Why did you choose Galicia?

Por que escolliches Galicia?

I really liked it because I came here and we had this concert in November 12 and I felt so good, comfortable, confident and the result was very good. The audience was very warm and everything just seemed to be in its place. I really liked the place also. I really like nature, this place is really wild.



Gustoume moito porque vin aquí para un concerto en Novembro de 2012 e sentínme moi ben, cómodo e seguro e o resultado foi moi bo. A audiencia foi moi acolledora e todo parecía estar no seu sitio. Tamén me gustou moito o lugar. Gústame moito a natureza e este sitio é moi salvaxe.

Aurora Ramos Rey, piano 4º G.E.

Has the conductor job any chance or space to improvise?

Pódese improvisar cando se dirixe?

Yes, but in classical music improvisation means a little bit different thing than in jazz, for example. We improvise with the material given, and the notes we're playing are set; so we don't usually change the notes. But what I can do from there (he means as a conductor), is improvising with the....ummm (He doubts) improvising...is not really improvising: sometimes it's decided, how to say...(You can do different dynamics, different phrasings, different tempos. The tempo is something we choose, happening maybe different in different days. So yes, I would say if there was not space for any improvisation then classical

music could be very boring, and it is not so.

Si, pero na música clásica improvisar ten un significado diferente a como se improvisa no jazz, por exemplo. Nós improvisamos co material dado, as notas están escritas, así que non adoitamos cambialas. O que podo facer desde aquí (refírese no posto de director) é improvisar con... ummmnn (dubida) improvisar... non é realmente improvisar: ás veces está decidido. Como dicilo. Pódense facer diferentes dinámicas, diferentes fraseos, diferentes tempos. O tempo é algo que escollemos, pero transcorre de xeito diferente en diferentes días. Si, se non houbera espacio para ningunha improvisación a música clásica sería moi aburrida, e non é así.

If the orchestra fails or get lost what do you do? And if the one who gets lost is you, what does the orchestra do?

Se a orquestra falla ou se perde, que fas? E se o que se perde es ti, que fai a orquestra?



Usually the orchestra doesn't get lost like the whole orchestra, sometimes it happens that some musicians can get lost, is normal, then I try to help them. For example, if someone starts one bar too early you can show like this (STOP with the hand) and then show him or her when to play next time, usually it's quite clear. And the other part of your question was if I get lost, yeah. If I get lost, on the concert I try to find myself as fast as possible because I should not be lost for a very long time (laughing). Everybody makes mistakes. If I make a mistake on the rehearsal I usually stop and I say "excuse me", saying something stupid or strange. Sometimes it's very hard to admit that

you made a mistake, but I have noticed that it's better to do that, because it also creates a nice atmosphere. It's OK to make mistakes. On the concert if I make a mistake, I try to fix it as fast as possible... If you have a missed bit, for example, the piece is in four and you did in three, you have the score and you hear where the music goes...so you fix immediately. Maybe no one noticed, you just have to do quickly.

Normalmente na orquestra non se perden todos. Ás veces algúns músicos pódense perder, é normal, entón eu intento axudalos. Por exemplo se alguén entra un compás antes pódesele facer un sinal coa man e amosarlle cando volver a



tocar. Adoita ser bastante claro. A outra parte da túa pregunta era se me perdo eu. Vexamos... Se eu me perdo nun concerto intento atoparme o máis axiña posible, porque non debería estar perdido moito tempo! (ri). Todos temos erros. Se eu cometo algún nos ensaios paro e descúlpome e digo algunha parvada. Ás veces é moi difícil admitir que un cometeu un erro, pero decateime de que é mellor facelo porque iso contribúe a crear bo ambiente. Está ben ter erros. Se eu cometo algún no concerto intento corrixilo o antes posible. Se non marcas unha parte do compás, por exemplo a peza está en catro e tí marcáchela en tres, tes a partitura e escoitas cara onde vai a música... así que o corrixes inmediatamente. Poida que ninguén se decate, só tes que facelo axiña.



FLAMENCO

Gemma Román González, alumna de 2ºGP de canto

Todo o mundo escoitou falar algunha vez do flamenco, pero ... Que significa exactamente o término “flamenco”? Será o tío Manolo o de Andalucía que é un pouco *agitanao*, e é máis chulo cun oito? ... ou ... Será a avoa Eulalia que naceu en Flandes? , ou quizáis refírese a eses paxarracos coas patas tan longas que saen nos documentais?

O certo é que aos tres podémoslles chamar flamencos e non nos estaríamos equivocando, aínda que nesta ocasión falaremos da arte Flamenca, que abarca o baile flamenco, o cante flamenco, a guitarra flamenca, e mesmo un cadro flamenco.

Un cadro flamenco?... e iso que é?..... O cadro que teño na casa, no que se ve a tío Manolo e a tía Lola bailando, cantando e tocando a guitarra? Pois non exactamente, pero case.

Un cadro flamenco prodúcese cando se xuntan varios artistas flamencos (bailaoras, cantaores, guitarristas, os que tocan as palmas, que por certo non é nada doado, porque poden ser vivas, xordas, simples ou redobradas) e todos eles interpretan a súa música.

Nestes “*cuadros*”, pode haber tamén acompañamento de “pitos” (rozando as xemas dos dedos), a “golpe” (cos pés, un bastón, ou cun caixón flamenco), pero sobretudo, algo que non debe faltar é o “*jaleo*”, que non é outra cousa que animar ao *cantaor* con expresións como “Olé!, así se canta!”



ORIXES DO FLAMENCO

Según os flamencólogos (que son os señores estudosos que saben do flamenco) hai varias teorías, aínda que de entre todas elas, a que está máis asentada dinos que callou entre os séculos XV e XVIII, pola fusión entre as etnias *Andaluza* e *Xitana*.

Contado doutra maneira poderíamos dicir que, hai moitos anos, alá polo verán do 1500 os tataratarata ... ravós



dos tíos Manolo e Lola, que eran Andaluces de toda a vida e que se chamaban Luís e Juliana, estaban unha noite sentados á fresca con seus fillos, porque en Andalucía, como fai moita calor pola noite e non hai quen durma, é frecuente que algunha xente saia á rúa que está máis fresquiña e alí, senten nunha cadeira a charlar. Nestas xuntanzas improvisadas sempre hai alguén que empeza a tocar as palmas, outro anímase ao cante e, polo xeral no faltará quen colla a guitarra e... xa temos o “jaleo” montado!


Esa noite de 1500, achegáronse os novos veciños de Luís e Juliana, que eran xitanos e acababan de instalarse no barrio. Quedaron moi sorprendidos con aquela música, e gustoulles tanto que se puxeron a

cantar e bailar con eles, e así, unha noite tras outra foron creando novos cantes e novos bailes, ao tempo que ían ensinándollos a outros veciños, ata que pouco a pouco foise extendendo a outros barrios e a outras poboacións.

Pouco a pouco o **Flamenco** seguíu extendéndose, pero non deixou de ser un cante de portas adentro até 1780, cando aparece o primeiro cantaor do que se ten noticia, o “Tío Luís da Juliana”.

Cara a 1860 virán os “**cafés de cante**” onde xa había un “**tablado**”, e un público que tomaba algo mentres disfrutaban do espectáculo, e xa polo 1910, o cante chega ao teatro, da man de Don Antonio Chacón.

No 1922 o mestre Falla, xunto a Cercón



Solar natal del flamenco

SEVILLA:
1. Alcalá de Guadaira.
2. Camorra.
3. Corra del Río.
4. Dos Hermanas.
5. Ecija.
6. El Viso del Acor.

7. La Puebla de Cazalla.
8. Lebrija.
9. Matalena del Acor.
10. Marchena.
11. Motín de la Puñera.
12. Osuna.
13. Utrera.

CORDOBA:
14. Puente Genil.
MALAGA:
15. Ronda.
CADIZ:
16. Algeciras.

17. Arcos de la Frontera.
18. El Puerto de Santa María.
19. Jerez de la Frontera.
20. Puerto Real.
21. San Fernando.
22. Sanlúcar de Barrameda.



organizan un concurso de **cante jondo** que, aínda que non tivo moito éxito, permitiu o lanzamento do coñecidísimo Manolo Caracol.

Posteriormente, e xa na España da postguerra, houbo magníficos cantaores como Pepe Marchena, Juanito Valderrama, e mesmo Antonio Molina co seu popular “Soy Minero”, aínda que moitos se viron obrigados a desvirtuar o auténtico cante flamenco, para poder contentar a un público, que naquela época era pouco entendido na materia.

Foi xa no 1956, cando se celebra outro concurso de *cante Jondo* que conseguirá rexurdir o flamenco auténtico, da man de cantaores como “Farruco”. Dende entón veñen realizándose multitude de concursos, festivais e conferencias, e tamén é frecuente, sobre todo pola metade sur de España, que os flamencos se xuntan en “*peñas flamencas*”, e mesmo existe unha cátedra de flamencología en Jerez de la Frontera. Actualmente hai que destacar que son moitos os “*flamencos*” que viaxan a países asiáticos como China ou Xapón, onde é moi apreciado a arte do flamenco.

Agora que xa sabemos como xurdiu o flamenco, seguro que nos interesa saber algunhas outras cousas como.... Que cantan? Como é a súa música? Cantaban o mesmo en Cádiz que en Xerez?

Pois ben, no **flamenco** non hai partituras, é unha arte que se aprende “*de oído*”, e aí é onde reside tamén a súa dificultade.

A música tende á sobriedade, aínda que a melodía do cante é rica en xiros ornamentais que se empregan de forma expresiva, e que van moi ligados ao texto das “coplas”, e cando falamos de coplas hai que dicir que estas nacen do corazón, xa que o flamenco, ademais de música é unha expresión poética, lírica e filosófica. Como ben dicía Machado “*Hasta que el pueblo las canta, las coplas no son, y cuando las canta el pueblo, ya nadie sabe el autor*”.

As coplas adoitan estar formadas por unha ou varias estrofas de entre 2 ata 5 versos , que son chamados “tercios”.

O ritmo ofrece diferenzas, considerándose ritmos fundamentais a “*seguiriya*”, a “*soleá*”, o “*tango*” e a “*bulería*”, aínda que tamén existen cantos sen ritmo concreto como as “*tonás*” e os “*fandangos*”.

Na interpretación do cante flamenco atopamos diferentes tipos de voz: a “*afillá*” , que tenta ser a voz ideal, e adoita ser de rexistro medio-grave e timbre velado e rudo; era a voz augardentosa do cantaor “El Fillo”, ou tamén de Manolo Caracol. A voz “**natural ou xitana**”, máis natural que a *afillá* e máis de peito. A voz “**festera**”, máis



flexible e alegre, como a de Lola Flores. E tamén hai voces “redondas ou flamencas” que adoitan ser doces, pero virís como a de Pastora Pavón (máis coñecida como “La niña los peines”). Finalmente a voz menos indicada para este tipo de cante sería a voz impostada ou lírica, pero que non podemos deixar de mencionala xa que houbo un cantaor moi famoso que empregou este tipo de voz, Don Antonio Chacón, coñecido como o “Niño de Marchena”, que adoptou sobre todo malagueñas e cantos de levante.

Evidentemente, cando falamos do cante flamenco, non nos referimos a un só tipo; cada unha das modalidades recibe o nome de “**palos**”, e podemos encontrar unha enorme cantidade deles.

Os flamencólogos fixeron múltiples clasificacións: uns agrupáronas segundo a súa tonalidade e estrutura, outros segundo ritmo, outros segundo a procedencia xeográfica, outros en función do acompañamento, e mesmo houbo quen os diferencia entre “**cante jondo**” ou grande (que sería o flamenco antigo e auténtico) e o chamado “**cante flamenco**” (que sería máis moderno)..

A modo de resumo, poderemos establecer a seguinte clasificación:

. **Cantos a voz soa:** Tonás, martinetes, carceleras, debblas, cantos de trilla, nanas e saetas.

. **Cantos libres con guitarra:** Seguiriyas, cabales, caña, soleá, polo, alegrías, bulerías, tientos mirabás, soleares-soleariyas.

. **Cantos de levante:** Tarantas y cartageneras.

. **Cantos métricos con guitarra:** Peteneras, vito, olé, jaleo, seguidillas-Sevillanas, boleras, penderos, rocieras, zambra, farruca.

. **Fandangos:** Fandangos, fandanguillos, verdiales, jaberías, rondeñas, malagueñas, granadinas e media granadina.

E xa volvendo ao tío Manolo, que podo dicirvos, que ás veces vén por Galicia a facernos unha visita, destacamos especialmente o canto de “farruca” xa que ten unha orixe moi peculiar pois en Andalucía chamábase “farrucos” aos Galegos inmigrados que alí chegaban en busca de traballo.

O aflamencamento dalgunhas das súas cancións fixo que aparecese primeiro o baile e logo o cante coñecido como farruca e é curioso como algunhas farrucas terminan cunha alborada galega.

Fíxadevos por onde, ao final os galegos non imos estar tan lonxe dos Flamencos!



BIBLIOGRAFÍA:

- García Lavernia, Joaquín. El Libro del cante flamenco. Ed Rialp. S. A, Madrid, 1991.
- Crivillé i Bargalló, Josep. Historia de la música española. Ed. Alianza Música, Madrid, 2006.
- Ríos Ruiz, Manuel. El gran libro del flamenco. Vol I. Ed. Calambur, Madrid, 2002.



“A TORRE DOS SONS”

Arantxa Vera Beltrán, profesora de viola e directora da Orquestra de Cámara de Grao Elemental e da Infantil



Un dos valores que máis me gusta salientar do estudo da música é a Cooperación en contraste coa Competición. Por iso, cando nun proxecto se implican tantas persoas tan distintas, aportando cada unha o seu gran de area, o resultado sempre me parece positivo e trae crecemento e evolución.

O primeiro gran é o conto *A Torre dos Sons*, que escribín para concienciar, en clave de fantasía, sobre o que é o Autismo, como se sinten as persoas con ese transtorno, e facer que os que o lean poidan poñerse na súa pel durante un rato.

A idea comezou a enriquecerse da man do compositor e contrabaixista murgadés Simón García, ex-alumno do noso centro, que compuxo dez números que se intercalan co texto do conto. E para darlle forma, color e imaxinación, a ilustradora Silvia Montes fixo os debuxos que iluminan todo o conxunto.

A música foi composta para orquestra sinfónica, coro de nenos, e coma invitados de excepción, o alumnado da aula de necesidades especiais. Despois de meses de traballo ensaiando e montando as pezas, facendo os arranxos necesarios para adaptalas ás características de cada alumno, estivo todo preparado para compartir esta experiencia co público.

O sábado 30 de maio tivo lugar no noso Auditorio a estrea do conto, envolto nun ambiente de ilusión e ledicia, e uns poucos nervios tamén.





Para redondear o acto, a ONG coruñesa Dididai, que traballa con nenos con necesidades especiais nun orfanato de Kathmandú, fixo unha exposición do seu traballo e da necesidade urxente de axuda por causa dos terremotos que asolaron o Nepal hai un mes. Instalouse unha furna onde o público foi depositando a súa axuda, que despois do reconto subía dos 800 euros.



A emoción nos ollos dos asistentes ao finalizar o concerto foi o mellor resumo do mesmo, e a motivación para seguir a desenvolver este proxecto, que ten por

obxectivo final a publicación do conto en formato libro, cunha grabación da música por parte das agrupacións do centro, e coas vendas do mesmo recaudar fondos para a ONG Vencer Autismo España.





“O Entroido dos pianistas”

Audición Zoológico Musical

Nuria Díaz Mera, profesora de piano



O día 12 de Febreiro deste ano 2015 un grupo de alumnos de piano do noso Conservatorio, acompañados por algúns amigos tocando outros instrumentos, celebraron o Entroido, que xa estaba á volta da esquina, dun xeito moi especial... Fixeron unha audición na que mesturaron Música e Zooloxía. As profesoras do centro Nuria Díaz, Cristina López e Cristina Martínez montaron con eles un espectáculo no que as pezas musicais escollidas facían alusión a distintos grupos de animais: os animais domésticos, os invertebrados, os animais do bosque, as aves, animais acuáticos, animais raros e animais de África. Ademais os alumnos participantes introduciron as obras cunha breve explicación – ás veces científica, ás veces

anecdótica- de cada un dos animais que se presentaban.

A xornada convertíuse nunha verdadeira celebración na que a Música nos amosou a todos o seu increíble poder evocador e descritivo.

Interpretáronse obras orixinais para piano-solo ben coñecidas: “O Cuco” do francés Daquín, “O burriño branco”, unha das pezas da colección “Historias” de Ibert, “O Pastorciño” de Debussy... entre outras.

Ademais deuse a coñecer ao público, que abarrotaba a sala de Conxunto Instrumental, unha ampla selección de composicións do álbum “Children of light” (1998-99), escritas pola compositora xaponesa Karen Tanaka.

Os alumnos de clase colectiva de grao elemental de piano tocaron arranxos especialmente escritos para eles polas súas profesoras, a partir de música de Tanaka citada no parágrafo anterior, e do “Carnaval dos Animais”, de Saint-Saëns, entre outros.

Coa colaboración dos profesores de violonchelo e violín Juancho Almarza e Javier Cedrón, puidéronse formar pequenas agrupacións de cámara, nas que participaron alumnos de violín, viola, violoncello e flauta. Así, un dos momentos máis belos da tarde foi a recreación do número do Carnaval de



Saint-Saëns, “Acuario”: a música e as imaxes tan axeitadas que proxectaba a profesora Cristina López sumerxíronnos por un intre nas profundidades do océano... Grazas a todos eles polo traballo desinteresado que realizaron.



De seguido reproducimos o guión desta audición. Os nomes dos narradores aparecen suliñados e dentro dos cadros están enumeradas as pezas musicais, compositor e intérprete.

PRESENTACIÓN

- **Soraya Santos**

Boa tarde a todos! Benvidos a esta audición de Entroido! De seguido gozaremos dunha tarde de Música moi especial. O compositor americano John Cage no seu libro Silence, de 1961, cita esta frase de Erik Satie (outro compositor francés), que nos serve de perfecta introdución ó que imos escoitar...

- **Marta González Reigosa**

“Non podemos dubidar que os animais aman e practican a Música. Iso é evidente. Pero parece ser que o seu sistema musical difire do noso. É outra

escola, non estamos familiarizados coas súas obras didácticas.”

- **Soraya Santos**

Outro compositor do século XX, Karlheinz Stockhausen tamén afirma o seguinte:

- **Marta González Reigosa**

“Desde que o home existe houbo música, pero tamén os animais, os átomos e as estrelas fan música”

- **Soraya Santos**

Hoxe tentaremos descubrir entre todos cómo é esa Música que practican os animais, ou cando menos, como a imaxinaron algúns dos máis ilustres compositores de todos os tempos. Eles, coma nós, amaban a Natureza e os seus sons.

Escoitaremos exemplos de sete familias: os animais domésticos, os invertebrados, os animais do bosque, as aves, os acuáticos, animais raros e por último animais de África. Boa viaxe musical!

ANIMÁIS DOMÉSTICOS

- **Jonatan Raúl Sancho Manzo**

A primeira parada é a granxa. E o primeiro animal, o famoso **asno, ou burro** (que son a mesma cousa). Os científicos chámanlle *Equus africanus asinus*, xa que



esta especie é orixinaria de África. Tendes que saber que varias razas autóctonas españolas están en perigo de extinción. Ai, se Platero levantase a cabeza!

1.- ♪♪ O BURRIÑO BRANCO.....J.lbert
Mª Romero Martínez, 3º GP ♪♪

- **Mª Romero Martínez**

Sabiades que as **ovellas**, *Ovis orientalis aries*, poden lembrar situacións e a os individuos que coñecen ata incluso despois de dous anos? De seguro que recoñecen ao seu pastor cando se achega ao rabaño... Pensaría niso Debussy cando escribiu esta obra?

2.- ♪♪ O PASTORCIÑO.....Debussy
Mercedes Gª de la Iglesia, 4º GE ♪♪

- **Mercedes Gª de la Iglesia**

E que me decides dos lindos coelliños, *Oryctolagus cuniculus*? Vovos contar unha curiosidade: resulta que teñen que facer a dixestión dúas veces, igual que os ruminantes (vacas, ovellas, cabalos...). Pero en lugar de ter un tubo dixestivo con catro estómagos, coma aqueles, o que fan é comer a comida dúas veces!... Si, é xusto o que estades a imaxinar... zámpanse os seus excrementos! Se tedes algún na casa xa o sabedes.

3.- OS COELLOS.....K.Tanaka
♪♪ Colectiva 1º Barembain ♪♪

INVERTEBRADOS


- **Antía López Vila**

Deixamos a granxa, pero non imos moi lonxe... Imos ao mundo dos animais máis pequenos que hai... Dou un par de pistas: non teñen ósos, nin columna vertebral, ou sexa que son brandiños, e o 95% dos animais que hai no noso planeta pertencen a este grupo. Téndelo? Iso é.. os invertebrados. E como soan os animais invertebrados? Pois haiche tantos que depende! Comezamos escoitando os hop-hop dun atlético insecto: un celífero ruso, vulgarmente coñecido coma saltón.

4.- O DESFILE DOS SALTÓNS.....S. Prokofiev
♪♪ Aurora Ramos Rey, 4º GE ♪♪

- **Aurora Ramos Rey**

Escoitastes os saltos? Hop-hop-hop. Pois agora tocan os z Unidos: zzz-zzz-zzz. Por certo: por cada ser humano calcúlase que hai 200 millóns de insectos!! As abellas son un tipo de insecto coñecido coma *Apis Mellífera*, especialmente apreciado polos que lles gusta o mel. Pero todos, larpeiros e non larpeiros, deberíamos valoralas e protexelas, xa que son imprescindibles para a vida no planeta. A comunidade científica investiga as posibles causas da súa morte masiva nestes últimos anos, estudando as variacións no tono e o pulso dos seu z Unido.



5.-ZUMBIDOS.....Béla Bartók
♪♪Noa Ortega Losada, 4ºGE, ♪♪

- **Noa Ortega Losada**

O seguinte bichiño non esperta en xeral as nosas simpatías. Estou a falar dos *Blatodeos*, chamados en castelán cucarachas e en galego cascudas (aínda que nalgúñas zonas de Galicia a palabra cascudo nomea a un insecto coleóptero de gran tamaño). Estes animais dannos noxo porque os asociamos a plagas, pero se somos quen de superar este sentimento decatáremos de que ao mellor podemos aprender cousas deles... Levan no planeta dende hai 300 millóns de anos (é dicir, xa había cascudas na época dos dinosauros), sobreviven con calquer tipo de comida (desde coiro ata pegamento) porque son amigas dunhas bacterias que lles desfán calquer tipo de materia orgánica, non lles afecta a radioactividade e poden vivir ata un mes sen cabeza, despois do cal non morren de fame, senón de sede. A vindeira cascuda ten cabeza, parece que o que lle faltan son as patillas de atrás...

6.-♪♪A CASCUDA.....Popular mexicano
Icía Díaz Kirk, colectiva G.E. Argerich, ♪♪

- **Icía Díaz Kirk**

Pasamos dos insectos aos arácnidos. As tarántulas deben o seu nome á cidade de Tarento (en italiano, Taranto), en Apulia. Nesta rexión do sur de Italia son abundantes as arañas da especie *Lycosa tarantula*. A súa popularidade ten que ver co efecto supostamente mortal da súa picadura, que en realidade non é tan grave. É moito peor se che pica algunha araña máis pequena, como a viúva negra que tamén se encontra na rexión. Supoñíase que unha axitación constante como a que produce a picadura (tarantismo) era, á vez, a forma apropiada de combater os seus efectos e deuse en chamar tarantela a certa danza, cuxo ritmo veloz imita eses movementos.

7.-♪♪TARANTELLA.....Pauline Hall
Jaime Moreno Rodríguez, 1ºGE, ♪♪


ANIMAIS DO BOSQUE

- **Jaime Moreno Rodríguez**

Sentímolo polos amantes da Entomoloxía e demais invertebrados, pero imos cambiar de póla, que senón máis dun vai ter moitos pesadelos esta noite! O vindeiro grupo está dentro do 5% restante de animais do planeta que si son cordados e vertebrados, é dicir, que teñen columna vertebral e esqueleto interno. Concretamente imos entrar nun mesto bosque europeo, cheo de grandes árbores e néboas crepusculares. Un paxaro entoa unha sinuosa melodía...



8.- ♪♪ O PAXARO PROFETA.....R.Schumann
Andrés Lois Graña Sánchez, 3º GP ♪♪



• **Andrés Lois Graña Sánchez**

Acabo de interpretar para vostedes a sétima peza das “Esceas do bosque” de Robert Schumann. Este compositor do século XIX, a época do Romanticismo, tiña unha poderosa imaxinación. Inspirábase especialmente nos poetas alemáns, pero tamén evocando unha Natureza misteriosa e fantástica, o mundo dos seres sobrenaturais, as lendas... Xa estades en situación? Pois imaxínade ese bosque escuro das Esceas de Schumann de novo, poida que haxa unhas ruínas dun castelo medieval, ou unha capela dos cabaleiros da Cruz de Malta. Cara o lugar achégase un xinete encarapuchado, ao lombo do seu cabalo...

9.- ♪♪ REITERSTÜCKE.....R.Schumann
Raquel Torres Díaz, 4º GE ♪♪

• **Raquel Torres Díaz**

Deixamos a música de Schumann pero seguimos no bosque. Preto da pequena capela con forma de cruz grega,

lembrades? Pasa un pequeno río, cheo de troitas. Tres osos preparanse para a pesca. Os osos son mamíferos omnívoros da familia dos *Ursidae*. Móvense cun andar pesado, pousando no chan toda a planta dos pés (por iso se lles chama animais plantígrados). Poden comer froitos, raíces e insectos, ademais de carne, pero estes tres osiños están tan contentos ante a perspectiva de almorzar uns salmóns, o seu bocado favorito, que nos van brindar un baile.



10.- ♪♪ ADANZA DOS OSOS.....L.Ács
Carmen Silvarrey Varela e Lucía Rey Cousillas
(chelos), Carmen Almarza Landriscini, 1º GE ♪♪

• **Carmen Silvarrey Varela**

Un pequeno raposo, *Vulpes vulpes*, observaba a escena ao lonxe, preto da súa tobeira. Con el imos pechar o telón do bosque europeo.

Os lobos pertencen á familia dos *Canidae*, son animais solitarios, é lexendaria a súa astucia. Adáptase con facilidade, poida que por iso sexan os mamíferos carnívoros con máis ampla distribución no mundo. Aínda que os seus parentes máis cercanos son os cans tamén



presentan características comúns cos gatos, como pupilas verticais ou poutas retráctiles.



11.- **CANCIÓN DO RAPOSO.....B.Bartók**
Noemí Couceiro (2º GP ,viola) e Sara Brandariz Freire, 1ºGP

AVES

- **Sara Brandariz Freire**

Imos concentrarnos agora en exclusiva no grupo das Aves.

Dicía o compositor francés Messiaen que elas son probablemente os mellores músicos do noso planeta. Ao longo da Historia da Música temos exemplos famosísimos de composicións inspiradas nos seus rechouchíos, desde “A primavera” de Vivaldi a “O mirlo negro” do propio Messiaen. Ténome que as aves que David presenta de seguido son máis ruidosas que melodiosas. Con vostedes o *Anser anser*, de nome común ganso (tamén chamados ocas cando son domésticos).

12.- **MARCHA DOS GANSOS.....B.Berlín**
Daviz Vázquez Regueira, 2ºGE

- **Daviz Vázquez Regueira**

Agora un paxaro que case non necesita presentación: o *Cuculus canorus*. Se vos conto que os machos teñen as plumas grises co abdomen a raias brancas e negras, ou que as femias rouban o niño doutros paxaros, ou se vos digo que o seu canto característico é dunha terceira menor descendente, poida que non todos adiviñedes. Pero si fago: “CU-CÚ” Agora está clarísimoooo!!!

13.- **O CUCO.....L.Daquin**
Sofía Valderruten Cordero, 4º GE

- **Sofía Valderruten Cordero**

Na mitoloxía clásica o cisne era unha ave consagrada a Apolo, como Deus da Música, porque se cría que o cisne pouco antes de morrer, cantaba melodiosamente. Saint-Saëns inspirouse neste mito para compoñer o número máis famosos do seu Entroido dos animais. O violonchelo parece imitar a elegancia pausada desta bela *anátida*, mentres que a escritura do piano suxire a tranquila superficie da auga do estanque....

14.- **O CISNE.....C.Saint-Saëns**
Marta González Reigosa (cello) e Olivia Illán Lorenzo, 4º GE



ANIMÁIS ACUÁTICOS

- **Olivia Illán Lorenzo**

Pasamos ao mundo acuático, pero de momento seguimos en auga doce, somente cambiamos do estanque ao río...

“Nun limpo regato, brinca con ledicia
a troita xoguetona, pasando cal faísca.

Eu estaba na beira e nun doce lecer
vin o baño do peixe polas augas correr.

Un pescador coa súa cana andaba alí a pescar,
ela, allea ao perigo, seguía a gozar...

Mentras a auga siga clara, e nela reflecta o sol,
non poderá cravar a troita no seu temible anzol.”

Franz Schubert puxo música a este poema de Schubart, que as profesoras Cristina e Nuria traduciron ao galego non sen esforzo. O compositor vienés argallou unha das máis famosas melodías da Hª da Música...

15.- ♪♪♪ A TROITA.....F. Schubert
Candela Ramos Rey, 2ºGE ♪♪

- **Candela Ramos Rey**

Agora si que marchamos cara o mar, e ben lonxe, cos grandes cetáceos marinos: as baleas (*Balaenidae*). Sabede que son os animais máis grandes que existen. Algúns científicos aseguran que tamén son os mamíferos máis lonxevos e que poden chegar a vivir 200 anos. No ano 2007 atopouse a punta dun arpón

explosivo, que só se fabricou ata 1885, na pel dunha balea boreal.



16.- ♪♪ A BALEA AZUL.....K.Tanaka
Colectiva 2º Buchbinder ♪♪

- **Pilar Etcheverría Couto**

Na actualidade só existen unhas 8 especies de tartarugas mariñas, que forman a familia dos *Quelonioideos*. Teñen un oído interno moi fino, que é capaz de escoitar vibracións moi pequenas. Sérvelles para fuxir dos seus depredadores. A especie máis grande de todas, desgraciadamente en perigo de extinción, chámase tartaruga laúde, porque a súa cuncha lembra a forma dese instrumento.



17. ♪♪ A TARTARUGA MARIÑA.....K.Tanaka
Ángela Martínez Loureiro, 3ºGE ♪♪



- **Carlos Ucha Fariña**

Levamos escoitado xa algúns números da obra de Saint-Saëns “O Entroido dos animais, gran fantasía zoolóxica”, verdadeira inspiradora da tarde de hoxe. Saint-Saëns deixou voar a súa sorna e o seu bo facer musical para compoñer unha obra mestra con grandes doses de humor que é tamén unha crítica á sociedade do seu tempo. Quedoulle tan mordaz que prohibiu a publicación e interpretación desta obra mentres el vivise, agás o número do Cisne. En “Personaxes de longas orellas” ironiza sobre os críticos musicais. Agora damos paso á nosa particular versión do sétimo movemento da suite. Escoitemos como lle soaban os peixes a este francés...



18.- 🎵🎵 O ACUARIO.....C. Saint-Saëns
Gala Cabirta Touzón, Carlos Ucha Fariña.🎵🎵

ANIMAIS RAROS

- **Gala Cabirta Touzón**


A continuación entraremos no mundo dos animais raros, por chamalos dalgunha maneira. De momento non saímos da auga. Presentámosvos ao dugong, tamén coñecido como *Sirenio*, aínda que máis ca

unha serea parece unha vaca mariña. Son mamíferos, pero non cetáceos, aliméntanse de algas e viven en zonas costeiras dos océanos Índico e Pacífico.

19.- 🎵🎵 DUGONG.....K.Tanaka
Ángela Martínez Loureiro, 3ºGE.🎵🎵

- **Ángela Martínez Loureiro**

O kiwi común é unha ave non voadora que vive en Nova Zelandia, de feito os habitantes deste país corren tamén polo alcume de “kiwis”. Ten un aspecto curioso que recorda á froita... e ademais dun longo peteiro tamén ten bigotes!!



20.- 🎵🎵 KIWI.....K.Tanaka
Olalla Maceiras Outeda, 2ºGP.🎵🎵

- **Olalla Maceiras Outeda**

En Australia e Nova Guinea existen uns paxariños carnívoros, do mesmo grupo que os Martiños peixeiros europeos, chamados Cucaburras. Paga a pena que escoitemos un intre o seu cantar...

21.- 🎵🎵 O CANGURO E A CUCABURRA.H.Bramsen
Icía Díaz Kirk,colectiva G.E. Argerich.🎵🎵



- **Noemí Seoane Chouciño**

A singular pelaxe branca e negra do oso panda desperta a nosa tenrura cara este animal da familia dos *Ursidae*. En China chámalle “oso gato”, debido a que as súas pupilas son alongadas coma as dos gatos, en lugar de redondas coma as de todos os demais osos. Outro dato curioso: as patas dos osos panda teñen cinco dedas máis unha sexta deda a modo de polgar. Se tocasen o piano terían doce dedos!

22.- ♪♪OSO PANDA.....K.Tanaka Fátima Fdez. Ponte, 1º GP♪♪
--

ANIMAIS AFRICANOS

- **Fátima Fernández Ponte**

Chegamos ao último destino da nosa viaxe zoolóxico-musical: África. Ímonos mover entre a selva e a sabana. Nestas planicies das zonas subtropicais atopámonos coas cebras.

As cebras pertencen ao xénero *Equus*, igual ca os cabalos e os asnos. As liñas de cada espécime son igual de únicas que as nosas pegadas dactilares. Unha lenda africana intenta dar unha explicación poética a esta pelaxe a liñas tan característica deste équido:

“Hai moito tempo, as cebras non tiñan as liñas brancas e negras que teñen hoxe en día, senón que eran todas brancas. Cando vían unha cebra, algúns dicían que se

trataba dun cruzamento entre un cabalo de cor branca e un burro, ou quizais unha mula. Naquel tempo, a xente aínda intentaba domesticar aos cabalos salvaxes para poder cabalgarlos e lucilos diante de todo o mundo, pois eran moi belos.

As cebras tiñan outro nome porque eran diferentes dos cabalos e as mulas. Pero era moi difícil capturar e adestrar unha cebra. Un día, unha cebra que aínda era moi nova perdeuse e rematou dentro un poboado. A xente empezou a mirala e a rexoubar, pensando como poderían capturala.

A cebra asustouse, e decatouse do que lle querían facer. Empezou a correr mentres a xente entraba na casa a buscar unha rede para cazala. Correu e correu, ata que finalmente tivo unha idea. Atopou un bote de pintura negra e tumbouno; a pintura ciscouse en moitas liñas onduladas. A cebra envorcallouse ata que as liñas quedaron pintadas no corpo, pensando que así quedaría fea e a xente non a querría capturar.

A xente do pobo atopouna, e viu o que fixera. Como pensaban que xa non era bela con todas aquelas liñas negras sobre a pelaxe soltárona. Axiña, todas as cebras empezaron a facer o mesmo para que a xente non as molestase. Co paso do tempo, xa non lles fixo falta facelo, pois



empezaron a nacer deste xeito. Pero agora as liñas facíanas belas”.

23.- ♪♪ A CEBRA.....K.Tanaka
Colectiva 3º Askenazy ♪♪

- **Lara Timiraos Parga**

Os elefantes son animais de gran intelixencia e non só pola súa mítica memoria. Teñen o cerebro máis grande do mundo animal (5 kg), en proporción co seu volume corporal. Está comprobado que se entristecen cando outro morre, adoptan aos orfos, escoitan aos maiores, coidan dos enfermos e apréndense uns a outros. As crías de elefante chúpanse a trompa igualiño que os bebés humanos chupan o dedo.

24.- ♪♪ O PEQUENO ELEFANTE.....S. Thomas
Carmen Almarza Landriscini, 1º GE ♪♪

- **Carmen Almarza Landriscini**

O elefante africano é de maior tamaño ca o seu parente asiático. Como moitas especies animais das que estamos a falar hoxe, desgraciadamente o elefante está en perigo de extinción, porque aos humanos gústanos o marfil dos seus cairos. Aínda que o comercio de marfil está xa prohibido, hai exemplares da nosa especie que seguen a practicar a caza deste gran animal... Os elefantes viven en mandas. Atención, póñanse a cuberto, achégase unha!!!!

25.- ♪♪ ELEFANTES AFRICANOS.....K.Tanaka
Claudia Herron Mullet, 2º GP ♪♪

- **Claudia Herron Mullet**

Rodrigo, o vindeiro intérprete da xornada, é un gran coñecedor dos animais. Como hai moitas especies de monos, decidiu que lles faláramos a vostedes dos lémures. Naturais da illa de Madagascar, o seu nome significa “pantasma, espíritos da noite” na mitoloxía romana. Corrían moitas lendas sobre eles debido aos seus berros, ollos escintilantes e hábitos nocturnos. Pero tamén son uns saltaríns encantadores, perfectamente adaptados á vida nas árbores, por iso os escollemos para ilustrar esta peza musical, na que parece que se evocan os seus chimpos dunha póla a outra. Hai unhas 100 especies diferentes e unha vez máis lles temos que dicir que están en risco de extinción.

26.- ♪♪ MONOS NA ÁRBORE.....B.Berlin
Rodrigo Fdez. Campos, 3º GE ♪♪

- **Rodrigo Fernández Campos**

Agora estamos na selva Bwindi, en Uganda, tentando atopar algún grupo de gorilas, cal Diane Fossey ou Jane Goodall. Os gorilas son parte da familia dos grandes simios, que inclúe aos humanos, orangutáns e chimpancés. Estudos recentes amosan que os gorilas e os humanos teñen case o 98% do seu ADN semellante. O gorila de montaña, *Gorila Beringei beringei*, parece condenado á extinción en estado salvaxe -malia os esforzos destas dúas científicas



conservacionistas e moitos outros- debido á perda do seu hábitat, a caza ilegal, os contaxios de enfermidades humanas e a guerra. Sabede que o de King-kong é un mito: son animais tranquilos e apacibles, agás cando os ameazan.

27.- 🎵🎵GORILA DE MONTAÑA.....K.Tanaka
Inés Carrión Orosa, 3ºGE 🎵🎵

- **Inés Carrión Orosa**

De novo na sabana, témome que vos teño que contar unha historia parecida: a poboación de rinocerontes esgotouse máis do 90% nos últimos 30 anos. Están entre os animais con máis risco de extinción completa na actualidade. O corno que da nome a estes “narigudos cornudos”- a palabra “Rinoceronte” ven dos termos gregos nariz (rhino) e kera(corno)- segue a ser un trofeo de caza demasiado cotizado. Ven fatal os pobriños, necesitarían lentes para ver aos seus cazadores antes, porén débenos cheirar perfectamente: o tecido olfativo do seu fucioño supera en tamaño ao seu cerebro!



28.- 🎵🎵RINOCERONTE BLANCO.....K.Tanaka
Miguel Iglesias Lista, 2º GP 🎵🎵

- **Miguel Iglesias Lista**

De novo, e por último, Saint-Saëns. Mentres que el abre o seu Entroido dos animais coa “Introdución e Marcha real do león”, a nós vainos servir para despedirnos. Nos últimos 20 anos as súas maxestades felinas, a especie *Panthera leo*, reduciu o seu número nun 50%. A cor da súa melena, como ben sabedes só presente nos machos, escurécese cos anos. O seu potente ruxido, símbolo de autoridade, é audible a 8 km de distancia! Vaia pulmóns! Con él desexámosvos un bo Entroido.




29.- 🎵🎵O LEÓN.....C.Saint-Saëns
Colectiva G.E. Arrau 🎵🎵



O RECUNCHO DA CREATIVIDADE

Damián Andrade


1º curso de guitarra do Grao Elemental





Izan Fernández Burgos

1º curso de viola do Grao Elemental



Adiviñanza:

"A catedral maxestosa ten unha parte da viola. E esa parte xa cha dixeran. Cal é?"

Solución: "a alma"



RECOMENDACIÓNS PARA O VERÁN

Alumnado 2º GP

Para rematar este número do Alalá, aquí vos deixamos unhas recomendacións de concertos, cursos e actividades musicais para este verán. Esperamos que poidades gozar dalgunha delas.

- . Festival Castel de Perelada: 10 xullo ao 15 agosto
- . Festival de Segovia: 16 ao 26 xullo
- . Festivales de San Lorenzo del Escorial: do 25 ao 29 xullo
- . Quincena musical de San Sebastián 2015: do 1 ao 30 de agosto

De todos eles podedes encontrar información na web www.festclasica.com/festivales

- . Veranos de la Villa. Madrid. Do 1 de xullo ao 31 de agosto.
<http://www.veranosdelavilla.com>

- . Campamento musical de Agolada: do 27 ao 31 de xullo.
<http://campamentomusicalagolada.com/>

- . Curso de verano Alcalá de Henares: diferentes datas entre o 1 e 28 xullo.



Para alumnos do grao elemental ou profesional:

www.musicaeduca.es/revista/talleres-y-actividades/2618-curso-de-verano-2015-alcala-de-henares

. V Campus musical de Noja (Cantabria) : do 5 ao 12 de xullo

. "Proyecto musical Villa de Lerma" (Burgos) : do 13 ao 19 de xullo. Aberto ás especialidades de violín e violoncello, así como a música de cámara.

. "Campamento de Verano en el Museo interactivo de la música" (Málaga) . Xullo

. I festival de Musica de Xabia (Alicante): cursos do 27 xuño ao 5 xullo.

. Curso de Music Mind Games (Santiago) do 1 ao 23 de xullo. Para nenos/as a partir de 3 anos.

De seguro que deixamos moitos por comentar, pero se vos serve de punto de partida, de seguro que atoparedes mil e unha opcións ...

Así que dende o Alalá...

FELIZ E MUSICAL VERÁN!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Tel. 981 276 800 - Fax 981 276 767

cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es

centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha